



CONSULTA PÚBLICA PREVIA SOBRE O PROXECTO DE APROBACIÓN DUNHA NOVA ORDENANZA FISCAL CO OBXECTO DE CREAR UNHA RECARGA MUNICIPAL NO IMPOSTO GALEGO SOBRE AS ESTADÍAS TURÍSTICAS PARA A CIDADE DA CORUÑA

O Concello da Coruña convoca unha consulta pública previa á elaboración do proxecto para a aprobación e imposición dunha nova ordenanza fiscal co obxecto de crear unha recarga municipal no imposto galego sobre as estadias turísticas para a cidade da Coruña.

O artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, fai referencia á participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas con rango de lei e regulamentos. No seu apartado primeiro establece: "Con carácter previo á elaboración do proxecto ou anteprojecto de lei ou de regulamento, substanciárase unha consulta pública".

Por conseguinte, a cidadanía e as organizacións potencialmente afectadas pola aprobación desta nova ordenanza poderán achegar as súas opinións e suxestións respecto da nova normativa municipal que se prevé establecer a través do formulario habilitado na web municipal e para iso disporán dun prazo de 20 días hábiles (contado a partir do 30.01.2025 e que finalizará o 26.02.2025, ambos incluídos).

1.- Antecedentes e cuestións que pretende solucionar a iniciativa. Necesidade e oportunidade da súa aprobación

De acordo co que dispón o artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, co obxectivo de mellorar a participación da cidadanía no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto de ordenanza fiscal, procede levar a cabo unha consulta pública, a través do portal web do Concello da Coruña, co obxectivo de recoller a opinión da cidadanía e organizacións máis representativas potencialmente afectadas pola futura norma.

En cumprimento do mencionado, o marco no que se expón esta ordenanza é o seguinte:

a) Antecedentes

O RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, constitúe a norma en vigor para poder esixir tributos por parte das facendas locais. Dentro deste marco regulador é onde se atopa tanto a posibilidade de esixir recargas sobre os impostos autonómicos ou outras entidades locais, como os instrumentos xurídicos necesarios para poder esixilos.

O imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia creouse pola Xunta de Galicia mediante a [Lei 5/2024 , do 27 de decembro do 2024 de medidas fiscais e administrativas](#). A lei posibilita no seu artigo 24 a posibilidade de establecer unha recarga sobre o imposto.

Así pois, co fin de poder facer fronte aos gastos que se derivan do elevado fluxo de visitantes que recibe a cidade da Coruña, especialmente intenso nalgúns barrios que sofren os efectos da masificación turística, propónse o establecemento, mediante ordenanza fiscal, dunha recarga municipal sobre este imposto, tal e como posibilita o artigo indicado.

A recarga a establecer oscilará entre 1 e 2,5 euros, dependendo do tipo e categoría de establecemento, e será determinado en cada caso polo pleno da corporación municipal do Concello da Coruña, que será o beneficiario do 100% da recadación.



O 80% como mínimo dos ingresos afectados pola recarga serán destinados, en primeiro lugar, a mellorar o control sobre as vivendas que ceden habitacións para usos turísticos; en segundo lugar, a mellorar a calidade de vida dos residentes dos barrios máis afectados pola presión turística, de tal maneira que estes recuperen unha actividade económica, social e cultural independente do turismo; e en terceiro lugar, á creación de novos contidos que se poidan desenvolver en escenarios que permitan mellorar a desconcentración turística.

b) Cuestións que se pretenden solucionar coa iniciativa

A Coruña recibe desde hai décadas un fluxo crecente de visitantes, que chegan a supoñer unha poboación flotante de media dunhas 30.000 persoas, un 12% adicional á poboación residente, segundo os datos existentes no INE.¹ Esta realidade, que se caracteriza ademais por unha concentración territorial moi marcada nalgúns barrios, representa para o Concello un sobrecusto no gasto dalgúns servizos públicos, que os fondos procedentes da recarga contribuirán a paliar.

Á vez, estes fondos destinaranse tamén a mellorar e diversificar a oferta turística, e a promover un modelo de turismo responsable e sostible. Un conxunto de obxectivos que se valora que cómpre fortalecer cun incremento de recursos.

c) Necesidade e oportunidade da súa aprobación

A Lei 5/2024, do 27 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG núm. 251, do 31.12.2024) contén a regulación do imposto galego sobre as estadias turísticas (IGET). O imposto grava a singular capacidade económica das persoas físicas posta de manifesto coa estancia nos establecementos e equipamentos turísticos. Tamén pretende internalizar as posibles externalidades que o turismo pode causar nas zonas de alta concentración turística.

O artigo 24 da Lei 5/2024 crea a previsión normativa que permitirá ao Concello da Coruña establecer unha recarga sobre as tarifas establecidas para o imposto, mediante a correspondente ordenanza municipal.

En concreto, establece:

1. Os concellos poderán establecer de forma voluntaria, en execución da súa autonomía municipal, unha recarga municipal, como ingreso propio, sobre o imposto galego sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Para o establecemento da recarga deberán aprobar, con carácter previo, unha ordenanza fiscal en cuxo procedemento de elaboración se xustifiquen as razóns da exixencia da recarga e se avalíe o impacto e a eficacia da recarga para as finalidades pretendidas, ponderando as cargas administrativas que supón para os titulares da explotación dos establecementos turísticos situados no seu termo municipal. No procedemento de elaboración deberá, en particular, garantirse a consulta, a participación e a audiencia das organizacións e asociacións representativas do sector turístico sobre os problemas que se pretenden solucionar coa norma, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos dela e as posibles solucións alternativas.

3. Esta recarga seralles exixida aos mesmos suxeitos pasivos e nos mesmos casos previstos na normativa reguladora do imposto, e consistirá nunha porcentaxe de ata un máximo do 100 % sobre a cota íntegra do imposto antes de aplicar a bonificación.

¹ Fonte INE xan-nov 2024

Poboación da Coruña: 249.255

Viaxeiros: 445.437,00

Pernoctacións: 891.577



4. Os ingresos da recarga estarán afectados, como mínimo nun 80 %, unha vez deducidos os custos da súa aplicación, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, o impulso, a protección, o fomento e o desenvolvemento do turismo sustentable, na forma que se determine na ordenanza, e terán como destino as seguintes actuacións:

- a) A mellora de infraestruturas, reformas urbanas e dotacións turísticas dos concellos.
- b) O impulso e a promoción dun turismo máis sustentable, desestacionalizado e de calidade, implicando todos os axentes turísticos na súa consecución.
- c) O impulso dunha mobilidade máis sustentable e en especial naqueles lugares onde a afluencia turística sexa maior.
- d) A mellora, o reforzo ou a ampliación dos servizos que os concellos prestan aos visitantes.
- e) A conservación e reparación do patrimonio cultural e natural, así como a promoción dun turismo de calidade e respectuoso co medio natural e co patrimonio.
- f) A aplicación de medidas conducentes a combater a intrusión e a fraude no sector do aloxamento turístico, así como a aplicación de boas prácticas laborais e da loita contra a precariedade laboral no sector turístico.
- g) O impulso de medidas para mellorar as zonas con maior afluencia turística.
- h) O fomento de medidas que permitan mellorar a convivencia entre as persoas residentes e as persoas turistas.
- i) O impulso da dixitalización do sector turístico no seu conxunto, de xeito que permita mellorar a súa competitividade.

5. As competencias de aplicación da recarga, o exercicio da potestade sancionadora en materia tributaria e a revisión dos actos ditados da recarga corresponderán ao concello.

6. Na ordenanza poderanse determinar diferentes tramos anuais para a aplicación da recarga, coa debida xustificación. A ordenanza regulará, de ser o caso, a obriga de autoliquidación da recarga e os prazos e a forma para efectuar a correspondente liquidación ou autoliquidación.

7. Así mesmo, a ordenanza preverá a constitución, a organización e as funcións dunha comisión municipal de asesoramento e seguimento da implementación da recarga conformada por representantes do concello, así como por representantes das empresas do sector e das asociacións de veciños. Esta comisión realizará funcións de asesoramento e de seguimento permanente da aplicación da recarga, tendo en conta indicadores como a evolución do nivel de ocupación, o número de prazas turísticas, o rendemento por cada praza ou calquera outro indicador dos sectores turísticos do municipio. A comisión aprobará cada ano un informe de avaliación de impacto da recarga en relación coas finalidades pretendidas coa súa aprobación, que deberá ser publicado na páxina de transparencia do propio concello.

8. A recarga rexerese polo disposto nesta lei, pola súa ordenanza reguladora, polo establecido na lei reguladora das facendas locais e pola normativa xeral en materia tributaria”.

d) Os obxectivos da norma

O apartado 4 do artigo 24 da Lei 5/2024, de medidas fiscais e administrativas, establece que os ingresos da recarga estarán afectados, a investimentos e a gastos vinculados á promoción, o impulso, a protección, o fomento e o desenvolvemento do turismo sustentable, na forma que se determine na ordenanza. En especial, os obxectivos a conseguir serán determinados polo Concello da Coruña, conforme á normativa de aplicación e para conseguir entre outros fins:

- A mellora do control sobre as vivendas destinadas a usos turísticos.
- A mellora da calidade de vida das persoas residentes dos barrios máis afectados pola presión turística.
- A creación de novos contidos que se poidan desenvolver en escenarios que permitan mellorar a desconcentración turística.



En termos comparativos a escala nacional, A Coruña terá un tipo medio-baixo en canto a esta figura impositiva: Barcelona ten unha recarga máxima de 4 €, mesmo importe que Baleares, fronte aos 2,5 € que se pretenden implantar na Coruña. En cidades europeas como Xenebra ascende a 7 €, París conta cunha media de 6 €, Venecia con 5 €, e Florencia con 3,5 €.

e) As posibles solucións alternativas reguladoras e non reguladoras

Considérase que non hai solucións alternativas, reguladoras ou non, que permitan regular adecuadamente o establecemento dunha recarga municipal relativo ao imposto sobre as estadias turísticas na Comunidade Autónoma de Galicia na cidade da Coruña, dado que pola súa natureza se trata dunha materia reservada a ordenanza fiscal.